

OUTRAMENTE... [Doutra maneira...]

María Pilar García Negro

Sempre gostei deste adverbio, que aprendín de ou en don Ánxel Fole. Apróprioo agora para intitular este feixe de artigos, algo máis de medio cento, que quixeron e queren dar unha outra visión da actualidade informativa no primeiro bienio da presente lexislatura galega. Ao tempo –e inevitabelmente– encerran tanto das teimas particulares dunha servidora e, por aquí, teñen moito de autorretrato. Como son das que pensa que vivemos tempos dunha certa “graforrea”, en virtude da cal, e por mor de ver o nome impreso, lemos tantas veces “batallas” que só poden interesar a quen as vive, sempre procurei que o nado dun meu interese particular puidese ter algún atractivo xeral ou tocase, ao menos, algún tema de amplitude social. Durante vinte e dous meses, desde Outubro de 2009 até Agosto de 2011, fun asidua colaboradora de Xornal de Galicia. Os artigos aquí contidos recollen as sucesivas entregas (tanto os artigos por min enviados como os pedidos sobre un tema determinado) até o mesmo momento en que a superioridade decidiu clausurar a edición escrita en papel e, xa neste mes de Outubro, cerrar a dixital. O idioma de noso divide a morte en dúas modalidades, de morte morrida –a natural– e de morte matada –a provocada. Xornal finou por esta última, o que di moi pouco, e todo mal, da nula sensibilidade e sentido de país demostrado por quen podía proseguir cun proxecto xornalístico que cometeu o grande pecado de tentar recoller a pluralidade existente e de non pór trabas á liberdade de expresión. Pecado enorme cando a globalización e os seus capataces ditaminan que debemos pensar, a quen debemos servir, con que supersticións e supercherías nos debemos alimentar e canta rutina e canta cegueira interesada nos debemos administrar. Agradezo inmenso as palabras tan xentís e xenerosas con que José Luis Gómez e María M. Val arroupan este pequeno libro, tanto como estimei no seu día a acollida nas páxinas do xornal, que sempre procurei corresponder na mesma medida. Se mo permiten, declároos non acompañantes dun velorio, senón “padriño” e “madríña” dun nacemento renovado: un pequeno testemuño dun tempo particularmente crítico onde a tónica oficial se satisfai a base de eliminar, desmantelar, desgaleguizar e reforzar a submisión aos amos españois, europeos e mundiais. Brillante expediente para a historia, sen dúbida! De modo e maneira que, face a tanta ruindade, as palabras aquí contidas confían a súa eficacia non ao valor da reliquia senón ao estímulo para que outras tantas medren e se multipliquen libremente por unha Galiza tan precisada de valedores e de megafonía. E grazas, como sempre, á benemérita editora que acolle estas páxinas. Se algunha delas serve para animar algo un debate tan necesario nos nosos días, albízaras!

Galiza (A Coruña), Outubro de 2011